


Boas noites



Título: Boas noites
Autora: Paula Carballeira
Ilustradora: Noemí López
Editorial: Xerais
Colección: Biblioteca Dramática Galega
Nº páxinas: 80
ISBN: 978-84-9782-577-1
PREMIO MANUEL MARÍA DE LITERATURA DRAMÁTICA INFANTIL 2006
Inclúe DVD (Guía interactiva)

XERAIS



a autora

Paula Carballeira (Fene, 1972)

Licenciada en Filoloxía Hispánica, é escritora, contacontos, actriz de teatro e televisión, colabora na Radio Galega como locutora e pertence á compañía teatral *Berrobambán*. Entre as súas obras podemos citar *A percura*, *Robin e a boa xente*, *Mateo*, *Un porco e unha vaca xa fan zoolóxico*, *A era Lázaro*, *O ganso pardo*, *Correo urgente*, *Paco*, *Olo-iepu-iepu*, *Troulas*, *andainas*, *solpores e unha farsa anónima*, *Smara* e o poemario *Contatrás*.

a ilustradora

Noemí López

Confesa que, debido á súa paixón polo cine a pola música, o movemento e os xogos de planos están moi presentes nas súas ilustracións.

O seu é un mundo caracterizado polas liñas curvas, con figuras nun equilibrio inestable e obxectos inanimados que semellan cobrar vida e movemento. Unha estética próxima ao expresionismo que achega un certo desacougo e tensión.

Ilustrou as obras: *Podesvir*, *As porcas porquiñas*, *Xograr Cangas e Asociados*, *María está a pintar o mar*, *Olo-lepu-lepu*, *Os catro amigos*, *Adiviñas para xogar*, *Os ladróns de tixolas*, *A alfombra falsa*, *A raposa no galiñeiro*, *Endrina e o segredo do peregrino*, *A viaxe a Copostela de Renato Ratoní*, *O coche de carreiras*, *Rudi Fuciños*, *Tita...*

o libro

Esta obra acadou o I Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil 2006. O xurado destacou a axilidade dos seus diálogos, así como a orixinalidade na elección do tema sobre o que se desenvolve a trama ao tratarse dun argumento contemporáneo abordado seguindo a tradición fantástica.


Estamos ante unha peza teatral divertida, protagonizada por unha nena estresada –como tantas outras!– por uns pais que pretenden facer dela unha superrapaza, lista, guapa e simpática, que tanto toca unha peza musical como baila, fala inglés ou fai deporte. Xiana é unha rapaza sen tempo para ser rapaza. Ese é o motivo que a leva a exprimir o seu tempo e quitarllo ao sono para poder aproveitar esas horas nocturnas facendo o que lle gusta.

E nestas chega Pedro Chosco, que se sente chamado polo conto que os pais lle len, disposto a facela durmir e ela que non, que non quere... ata que chegan a un acordo: Xiana acompañarao polo mundo da noite, a matar os medos dos nenos para que poidan conciliar o sono. É esta unha viaxe polo lado escuro.


temas e valores



Os medos dos nenos e das nenas



Os monstros



O exceso de esixencia

Non deixar que os rapaces sexan rapaces, obrigándoos a estar todo o día pendentes do reloxo coma se de executivos se tratase.



Educación para a igualdade entre os sexos

Os cambios de rol: a Muller do Home do Saco vai meter medo mentres el lle fai a cea, a nai de Xiana tranquiliza ao pai cando teme ao monstro do armario...



A necesidade do tempo de lecer

Tempo para non facer nada, para xogar e gozar, para pasmar, para soñar...



O imaxinario colectivo

no que están Pedro Chosco, o Home do Saco e todo tipo de monstros.

actividades

Antes da lectura

- Co libro na man anticiparemos o seu contido. Observando as capas imaxinaremos de que pode tratar e o que imos atopar nel.
- Comentaremos o que nos suxira o título e a ilustración da portada.
- Xogamos co título, cambiando determinadas palabras, pensando se nos lembra outros, escribíndolle un texto...
- Identificamos a autora e comentamos o que saibamos dela. Posiblemente algúns a coñezan polo seu traballo teatral, pola participación na televisión, como contocontos ou mesmo como escritora.
- Podemos axudarnos cunha busca en Internet.
- Buscamos todos os libros desta autora que teñamos na biblioteca escolar e realizamos unha exposición. Podemos facer o mesmo cos libros ilustrados por Noemí López. Realizamos a exposición, miramos as ilustracións desas obras, lémoslas...
- Comentamos a dedicatoria. Unha vez lida a peza teatral pensamos a quen lla dedicaríamos nós e como. Poderían formar parte dun discurso de agradecemento na recollida dun galardón?
- Realizamos un punto de lectura co que marcar onde estamos lendo (deberá ter relación co tema).
- Realizamos unha busca na rede para acadar datos novos cos que completar a biobibliografía de cada unha das creadoras.
- Observamos as ilustracións e imaxinamos a historia que se contará con elas.
- Lemos cales serán os personaxes: Xiana, a Nai de Xiana, o Pai de Xiana, Pedro Chosco, o monstro e a Muller do Home do Saco. Despois imaxinamos que peza se pode escribir téndoos e eles como protagonistas.
- Por outra banda, iremos facéndonos idea de como poden ser as cantigas que aparecen recollidas nesa mesma páxina: cantiga para aprender a xogar, cantiga do camiñar de Pedro Chosco, cantiga dos poucos pasos que nos quedan, cantiga de descansar para xogar e cantiga de ten conta. Este pode ser un bo momento para que nos poñamos a inventar tanto os títulos doutras cantigas coma as cancións para eses títulos.

actividades

Ao longo da lectura

- Os diálogos son curtos e moi rápidos. Esta técnica facilitaranos a lectura. É un texto idóneo para facer teatro lido, cada un asumirá o papel dun personaxe e lerá a parte correspondente colocándose no seu lugar. Un pequeno identificador co nome será suficiente.
- Buscar os fragmentos máis divertidos (por exemplo, cando se din piropos o un ao outro na páxina 32; ou a pelexa verbal da páxina 30). Lelos detidamente. Buscar outros que tamén nos resulten cómicos.
- Podemos representar os diferentes actos/escenas da obra. Distribuímonos por equipos para ter que memorizar menos texto. A escenografía, o decorado, o vestiario, etc., poden ser sinxelos; só temos que ter ganas de facer teatro. Calquera adobío serviranos para identificar o personaxe. O máis difícil será atopar ese trazo que nos permitirá construír o personaxe e facelo propio.
- Seguindo as pistas que aparecen na obra iremos contestando as seguintes preguntas:
 - Cantos segundos son os que ten o día?
 - E minutos?
 - Que cousas debe facer Xiana ao longo do día?
 - De que conto saíron as Botas de Seta Leguas? (Aproveitade e contádeo).
 - Como se chama por Pedro Chosco?
 - Cal é o traballo de Pedro Chosco?
 - Recoñécese Xiana dentro do xenérico «nenos»? Fixémonos no diálogo.
 - «Pedro Chosco: Eu só me encargo dos nenos.
 - Xiana: Pois eu son unha nena.
 - Pedro Chosco: Das nenas tamén me encargo».
- Gustaríache ir de excursión con Pedro Chosco unha noite? Que atoparías? Escribe esa historia.
- Que leva Pedro Chosco no saco?
- Que outros nomes recibe Pedro Chosco na obra?
- Quen é o Home do Saco? Que fai? (Non ten por que ser nesta historia, pode ser en calquera.)
- Que teñen en común Pedro Chosco e a Muller do Home do Saco?
- Atérrase (no senso de tomar terra) en Marte?
- Sabemos o que lle gusta almorzar a un monstro?
- Para que cres que é bo xogar?
- E haberá un conto chamado *Un monstro no armario*?
- Que seres poboan os nosos medos?
- Como vencemos os medos?
- A Muller e o Home do Saco teñen o traballo repartido: mentres ela sae asustar as nenas, el fai a cea. Comentade como é a repartición de tarefas na propia casa.
- Xiana fantasea con ir a lugares que empezan por A. Podemos xogar a ver quen é capaz de atopar máis sitios que empezan por E, por B, por F ou por M.

actividades

- Os pais queren o mellor para Xiana: queren que sexa lista, guapa, simpática, que fale idiomas... E que máis?
- Xoguemos como fan Xiana e Pedro Chosco (consultade as páxinas 26 e 27) a facérense preguntas que contestan con outras preguntas.
- Escribide diálogos entre dous personaxes que resulten tan divertidos coma estes.
- A axilidade dos diálogos fai que leamos máis rápido. Observemos como o facemos e tentemos apurar aínda máis.
- Na páxina 34 atopamos unha enumeración de sinónimos: terrible, destrutora, cruel, testana, desapiadada... Continuemos coa listaxe. Outra posibilidade é buscar palabras sinónimas con outro significado que, neste caso, podería ser o contrario, polo tanto sería antónimas destas.
- Máis sinónimos, na páxina 70, e máis que podes inventar ti.
- Poñédelle música ás cancións.
- Pedro Chosco e Xiana saen unha noite a matar todo tipo de monstros, pantasma, lobishomes, vampiros... ou simplemente o medo que estes provocan?
- Explica como é ese monstro que atopan debaixo da cama do neno.
- Apunta os detalles do texto que che van facendo graza para poder comentalos despois (ao estilo de «pois mira que cando...»).
- Escribamos as escenas nas que Xiana e Pedro Chosco teñen que enfrontarse ao profe de matemáticas, ao vampiro sedento, á pantasma afónica, a unha chea de ácaros, ao trasno constipado, ás sombras escuras, ao can de tres cabezas, á escuridade, ao ruído... Pódeselle encargar unha a cada equipo de traballo ou facelas individualmente.
- Vexamos a diferenza entre un problema, un problemiña e un problemón.
- Observemos o que fan os homes e o que fan as mulleres e opinemos acerca diso.
- Elaboremos a listaxe dos propios medos.
- Comentemos os que tiñamos de pequenos e narremos algunha experiencia de medo.
- Observamos ben as ilustracións, busquemos os personaxes e outras informacións que non aparecen no texto. Opinamos acerca delas.

actividades

Despois da lectura

- Pasamos a realizar teatro lido con ela.
- Representámola. Para isto debemos buscar os trazos máis salientables de cada un dos personaxes: unha peza de roupa ou un accesorio, un detalle da maquillaxe, unha maneira de moverse ou de falar, etc., que nos axude a identificalo.
- Podemos tentar representar a obra con títeres.
- Buscamos unha cita que nos pareza axeitada para colocar neste libro.
- Contámonos películas de medo.
- Se este libro nos gustou, podemos continuar lendo obras desta autora.
- Os libros ilustrados por Noemí López tamén poden ser do noso interese. Revisémoslos e animémosnos a deles.
- Unha vez rematada a lectura, se somos quen de atopar un que nos resulte máis axeitado, cambiámoslle o título ao libro.
- Escollemos os fragmentos que máis nos gustaron para compartilos cos demais.
- Argumentamos a opinión persoal sobre o libro.
- Comentamos os valores que defende a autora por medio da obra.
- Seleccionamos as ideas que nos teñan maior interese.
- Contamos esta historia ao noso xeito.
- Continuamos a peza alí onde a autora a deixou, inventándolle outro final.
- Se este libro nos gustou, escribimos un texto recomendando a súa lectura.
- Pensamos noutros libros que poden ter relación con este, sexa porque tamén tratan de monstros, de personaxes famosos como Pedro Chosco ou o Home do Saco, de nenas que andan estresadas con tanta tarefa extraescolar...
- Fai unha listaxe cos teus libros favoritos.
- Se temos oportunidade, asistiremos á representación da obra. Alí atoparemos a autora representando un papel. Cal será? Estaremos atentos á música, á maneira na que se cantan as cantigas que limos anteriormente no libro e que agora formarán parte da «banda sonora» propia do espectáculo.
- Despois da representación, comentemos a nosa opinión acerca do feito de que a autora sexa tamén actriz e a maneira na que isto pode influír na representación. Hai outro actor que, ademais de representar un personaxe, compuxo a música da obra; que papel representaba?
- O director da peza *Boas noites* opina que a compañía «traballa con moito respecto cara aos nenos e nenas, tratándoos como persoas intelixentes, non dándolles solucións, senón formulándolles preguntas». Reflexionamos sobre estas declaracións.
- Podemos ver o CD da obra e escoitar a súa música.
- Busquemos outros libros de teatro e animámonos a deles. Posteriormente, poderemos preparar a súa representación.



Pedidos a:

Comercial Grupo Anaya
Polígono Pocomaco
Avenida 3 Edificio Diana
Nave 4 Baixo • 15009 • A Coruña
Telf.: 981 171 641 / Fax: 981 171 647

XERAIS

Doutor Marañón, 12. 36211 Vigo
Apartado Postal 1446. 36200 Vigo
Teléfonos (986) 21 48 88 - 21 48 80
Telefax: (986) 20 13 66
Correo electrónico: xerais@xerais.es
<http://www.xerais.es/>

EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA



© Pilar Sampedro Martínez e Maruxa Caamaño, 2008
© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2008
Depósito legal: VG. 500-2008